

UD 1. CAPITALISMO E REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

1. O CAPITALISMO

1.1. ORIXE E EVOLUCIÓN

- Definicións → Punto de vista liberal.
→ Punto de vista marxista.
- Fases de desenvolvemento:
 - Capitalismo mercantil.
 - Capitalismo industrial.
 - Capitalismo financeiro.

1.2. TRAZOS BÁSICOS

- ♦ O capital, elemento fundamental da produción.
- ♦ Liberdade económica e regulamentación do mercado pola lei da oferta e a demanda.
- ♦ A riqueza individual, factor estimulador das actividades económicas e criterio de organización social.
- ♦ Propiedade privada dos medios de produción.
- ♦ Relacións de produción baseadas no traballo asalariado e na división de tarefas.
- ♦ Desigualdade, dependencia e explotación entre individuos e entre países.
- ♦ Crises cíclicas.

2. A RENOVACIÓN DAS ESTRUTURAS AGRARIAS

2.1. A AGRICULTURA NO ANTIGO RÉXIME

- Extensiva → moita man de obra e pouco rendemento.
→ barbeito.
- Deficientes ferramentas e técnicas agrarias.
- Crises de subsistencia.
- Diferentes reximes de propiedade.

2.2. CAMBIOS TÉCNICOS E NOVOS SISTEMAS DE CULTIVO

- 1) Eliminación do barbeito e extensión das rotacións de cultivos.
→ Sistema Norfolk.
- 2) Introducción de novas ferramentas e mellora das terras cultivables.
→ Perfeccionamento do arado, substitución da fouce pola gadaña, sementadoras, ferraduras.
→ Emprego do vapor na maquinaria agrícola.
→ Selección de razas e de sementes.
→ Uso de novos fertilizantes (S.XIX: fosfatos, nitratos//S.XX: químicos).
→ Cultivo de novos terreos ⇒ Agricultura especializada nos países novos.
- 3) Sociedades e publicacións agronómicas.
- 4) Cambios na mentalidade dos propietarios agrícolas.

2.3. MODIFICACIÓNS NO RÉXIME DE PROPIEDAD

- 1) Os cerramentos ("enclosures") británicos
⇒ Conversión dos campos abertos en lotes de terra privados e valados e privatización de comunais.
- 2) A desamortización española.
⇒ Beneficiarios: nobreza e burgueses ricos.

2.4. O NOVO MODELO AGRARIO

- Tecnoloxía baseada na máquina.
- Sistemas agrarios con emprego de abonos e regadío.
- Cultivos intensivos de altos rendementos.
- Agricultura especializada e comercial.
- Aumento da produción que repercute o crecemento da poboación.
- Sistema de propiedade da terra individual, libre e sen cargas feudais.
- Conversión dos campesiños en obreiros agrícolas.
- Beneficios reinvestidos na renovación agrícola e na industria.

3. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

3.1. REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E INDUSTRIALIZACIÓN

- Interpretación → Liberal.
→ Socialista.
- Desacordo sobre as fases do proceso → Fenómeno concluído.
→ Proceso continuo.
- Condicións para o desenvolvemento da industria en Inglaterra:
 - * Transformacións agrarias do XVIII ⇒ Crecemento da poboación, éxodo rural, consumidores.
 - * Comercio colonial ⇒ exportación de manufacturas, novos mercados, materias primas, transporte.
 - * Formación de capitais agrícolas e comerciais dispostos a ser investidos noutras actividades.
 - * Mentalidade empresarial e institucións políticas estables favorables aos intereses burgueses.

3.2. A PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

3.2.1. Trazos:

- Mecanización → Enerxía de orixe mineral: carbón.
→ Máquina de vapor (Newcomen, Watt, 1769).
- Do sistema doméstico ao sistema fabril
 - ↳ KAUFSSYSTEM: o pequeno produtor é propietario dos medios de produción e vende a un comerciante.
 - PUTTING OUT SYSTEM: o produtor traballa para dun comerciante, propietario dos medios de produción.
- S.XVIII-principios do XIX ⇒ Complementariedade entre o sistema fabril e o doméstico.
- Segundo tercio do XIX ⇒ A fábrica despraza os sistemas tradicionais.
- Autofinanciamento
 - O empresario e a súa familia (reinvestimento de beneficios).
 - Mercados informales ou personais (prestarios).
 - Mercados formales de capitais (bancos, bolsas) ⇒ No S. XIX gañan importancia.
- Sectores punteiros
 - Téxtil.
 - Siderometalúrxico.
 - Ferrocarril.
- Traballo
 - Xeralización do traballo asalariado.
 - Control eficaz da velocidade e ritmo da produción na fábrica.
 - Mecanización ⇒ Man de obra barata e non cualificada.
 - Redución de custos de produción para competir en mellores condicións no mercado.
- Aumento da demanda e artellamento do mercado
 - Máis demanda de bens de consumo polo aumento do poder adquisitivo e novos hábitos sociais.
 - Demanda de bens de equipo polo ferrocarril e a siderurxia.
 - Comercio internacional ⇒ Aumento da circulación de mercadorías.
 - Artellamento do mercado por
 - Novos medios de transporte.
 - Sistemas de comunicación novos (telégrafo, teléfono).
 - Uniformización de pesos e medidas.
 - Regulación dos sistemas monetarios.
 - Monetización da economía.

3.2.2. Industria téxtil

- Gran Bretaña → Importancia da industria téxtil de la desde o S.XVI.
- Algodón
 - * Materia prima abundante, barata e fácil de obter nas colonias.
 - * Zonas de aprovisionamento: India, Exipto, Sur de América do N.
 - * Triángulo Europa-África-América.
 - * Escravitude no Sur de EE.UU.
 - * Fin do sector tradicional algodoeiro da India.
 - * Colonias: áreas de mercado para as manufacturas de algodón británicas.
- Cambios na tecnoloxía:
 - Tradicionalmente:
 - Fiado ⇒ traballo a domicilio.
 - Tecido ⇒ gremios.
 - Mecanización: fiado de algodón → Evolución a partir de técnicas anteriores.
→ Adaptación inicial á industria doméstica.
 - ↳ Mecanización máis lenta do tecido (supervivencia dos tecedores).
 - Idade Moderna: PUTTING OUT SYSTEM ⇒ Estructura industrial dispersa.
 - Demanda de INDIANAS ⇒ talleres para maior produción (as máquinas favorecen a concentración).
 - Extensión por Europa dos tecidos de algodón:
 - * Baratos.
 - * Boa calidade.
 - * Util para frío e calor.
 - * Escasos investimentos iniciais.

→ Concentración en Lancashire (Manchester –produción-, Liverpool –porto-) para abaratar transporte.

3.2.3. Industria siderometalúrxica

- Substitución do carbón vexetal polo carbón de coque (DARBY, 1709).
- Método de laminado e pudelado (CORT, 1784).
 - ↳ Máis calidade do ferro inglés eliminando o xofre e o carbono que o facía quebradizo.
- Concentración xeográfica: Birmingham, Cardiff, Bristol, Newcastle, Glasgow.
- Paso dos pequenos talleres a grandes fundicións → Producción de ferro en bruto.
 - Traballo de molde: alfinetes, coitelos, cravos, ferramentas...
- Aplicación das máquinas e da forza do vapor ⇒ Aparición de fundicións cerca das minas ou nas cidades ⇒ Independencia da materia prima.
- Cidades ⇒ Transformación da fisonomía urbana:
 - chemineas de altos fornos.
 - contaminación.
 - construcións rápidas de ladrillo.
- Consecuencias dos cambios:
 - * Redución de custos de produción.
 - * Aumento da oferta de ferro forxado, barato e de calidade.
 - * Abandono das importacións de ferro fundido sueco.
 - * Crecente demanda do ferrocarril.

3.2.4. Os transportes. O ferrocarril

- Canles fluviais → Transporte de enerxía ás áreas industriais.
 - ↳ → Unión de zonas industriais con áreas de mercado.
 - * Abaratamento dos prezos do carbón e dos produtos pesados.
 - * Crecemento dos intercambios comerciais entre zonas rurais e urbanas.
- Estradas de peaxe → Redución dos tempos de desprazamento.
- Ferrocarril → Efecto de arrastre sobre todos os sectores da economía.
 - Financiación: bancos, S.A.
 - Apoio dos Estados
 - garantindo un beneficio fixo para os inversores.
 - subvencións estatais.
 - supresión de aranceis aos materiais importados para a construción.
 - 1ª liña de mercancías: Stockton-Darlington (1825).
 - 1ª liña de pasaxeiros: Manchester-Liverpool (1830).
 - España: Barcelona-Mataró (1848)/ Santiago-Cárril (1873)/ Vigo (1876).
- Transporte marítimo → Incorporación lenta da hélice e da máquina de vapor.
 - CLIPERS: veleros con casco metálico.
 - 1880: xeralización do vapor.
 - Canles interoceánicas: Suez (1869) e Panamá (1914) e melloras de infraestruturas.

3.2.5. Fracaso da industrialización en Galicia

- Galicia non dá o paso da industria caseira á fábrica:
 - Liño: → traballo campesiño a tempo parcial sen mecanización.
 - non hai capital nin especialización.
 - ámbito doméstico.
 - Siderurxia: → ferrerías cerca dos xacementos e bosques.
 - obxectos de ferro de uso cotián.
 - 1794: Sargadelos 1º alto forno da Pen. Ibérica.
 - ↳ Oposición campesiña e señorial.
 - ↳ Perda de contratos.
 - ↳ Competencia dos fornos vascos.
- } ⇒ Peche en 1875

3.3. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL (1870-1914)

- Extensión do proceso industrializador: Alemaña, EEUU, Xapón.

3.3.1. Novas fontes de enerxía

- **PETRÓLEO** → Ata mediados do XIX fabricación de pez e betún para calafatear barcos.
 - 1859: Perforación do pozo Drake (Pennsylvania).
 - Técnica de refinado ⇒ Illamento de derivados: queroseno (combustible para iluminación), fuel-oil (lubricante para maquinaria industrial).
 - Motor de combustión interna (gasolina, Daimler 1885/ gasoil, Diesel 1892).
 - ↳ Forza de arrastre nos transportes ⇒ Automóbil (Benz, 1893).
 - Aplicacións
 - fonte calorífica substituíndo ao carbón.
 - lubricante para conservación de motores e máquinas
 - aceites e graxas que substitúen ás animais e vexetais.
 - materia prima da industria petroquímica.

- **ELECTRICIDADE** → Descubrimentos: pila (Volta, 1800), dínamo (Gramme, 1872), centrais hidroeléctricas, alternador e transformador de alta tensión (1897), lámpada incandescente (Edison, 1879).
↳ Revolución nos hábitos de vida doméstica e urbana.
- Comunicacións: telégrafo (Morse, 1837), teléfono (Bell, 1876), radio (Marconi, 1895).
- Transportes: ferrocarril eléctrico (1879), tranvía (1884), metro (1890).
- Espectáculos: cine (Lumière, 1895).
- Forza motriz nas máquinas ou enerxía nos procesos electrolíticos da nova metalurxia (aluminio).
- Inicio da electrónica: raios X (1895), lámpada ultravioleta (1900), tubo de raios catódicos (1928), microscopio electrónico.

3.3.2. Novos sectores industriais

• SIDEROMETALURXIA

- Produción de aceiro a baixo custo e de mellor calidade:
 - convertedor Bessemer (1855).
 - procedemento Siemens-Martin (1864).
- Aplicación industrial da electricidade (forno eléctrico, electrólise) ⇒ Novos metais: níquel, cobre, aluminio.
- Continúa o dominio do ferro: armamento, construción (pontes, estacións).

• QUÍMICA

- Colorantes sintéticos para a demanda téxtil.
- Abonos químicos ⇒ Aumenta a produtividade nos campos.
- Sosa cáustica para branqueo na industria téxtil e papeleira.
- Explosivos (dinamita, Nobel 1860) ⇒ minaría, industria bélica.
- Outros: produtos fotográficos, fibras sintéticas, plásticos, medicamentos, perfumes.

• TRANSPORTES

- Aplicación dos motores de explosión e combustión interna ⇒ AUTOMÓBIL.
- Daimler, Benz ⇒ Nova organización do traballo.
- Transporte aéreo
 - Globos dirixibles (Zeppelin, 1896).
 - Avión (Wright, 1903).
- Consecuencias ⇒ Rede mundial de transportes continentais e oceánicos.
 - ↳ Afundimento dos prezos.
 - ↳ División internacional do traballo → Países industriais europeos.
 - Anel de produtores de materias primas.

3.3.3. Nova organización do traballo e da produción

- TAYLOR → Sistema para obter o máximo rendemento do traballo dos obreiros.

→ Obxectivos	{	- Mellorar o rendemento. - Aforrar tempo. - Reducir custos.	⇒	Nova organización	{	- Racionalización da produción. - Especialización de tarefas. - Fabricación repetitiva de produtos - Traballo en cadea.
--------------	---	---	---	-------------------	---	--
- H. FORD → Sistema de cadeas de montaxe e fabricación en serie ⇒ Prezo máis popular.
→ Aumento de soldos para incentivar aos obreiros.

3.3.4. Crecente importancia do capital financeiro

- Aumento de custos e novos procesos de fabricación ⇒ Aumenta a necesidade de capitais.
 - Mediados do XIX → **SOCIEDADES ANÓNIMAS POR ACCIÓNS**: Cada asociado aporta unha parte do capital por compra dunha ACCIÓN ou título de propiedade cun VALOR NOMINAL determinado negociable en Bolsa ⇒ DIVIDENDOS variables.
 - **BANCOS**
 - Captación do aforro doméstico ofrecendo un pequeno interese.
 - Investimento e control das actividades industriais.
 - ↳ CAPITAL FINANCEIRO ⇒ factor fundamental do proceso industrializador.
 - Investimentos exteriores: ferrocarril en países menos desenvolvidos, materias primas.
- | | | |
|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| 1863: Crédit Lyonnais | 1857: Banco de Santander | 1918: Banco de La Coruña |
| 1870: Deutsche Bank | 1857: Banco de Bilbao | 1925: Banco Pastor |

3.3.5. Formas complexas de asociación económica

- Tendencia á concentración empresarial para

{	- Abaratar custos de produción. - Evitar competencia. - Obter máxima rendabilidade. - Facer fronte a crises económicas.
---	--
- **CONCENTRACIÓN**
 - HORIZONTAL: mesma actividade.
 - VERTICAL: actividades distintas pero complementarias.

- ASOCIACIÓN → **CARTEL**: Alianza de empresas do mesmo sector para controlar o mercado sen perder a súa independencia xurídica e financeira.
 - ↓
 - **TRUST**: Fusión de empresas que perden a súa independencia (dirección única e centralizada).
 - **HOLDING**: Control financeiro (por accións) de empresas moi diversificadas.
- Monopolios que ameazan a liberdade de mercado, a libre competencia e a iniciativa privada.
- ↳ 1890: EEUU- Lexislación anti-trust.

3.3.6. Sectores innovadores da industrialización galega

- Industria conserveira → Década de 1880 nas Rías Baixas (Massó, Curbera, Barreras, Alfageme).
- Construción naval → Ferrol, Vigo.
- Ferrocarril → 1873: Santiago-Carril.
- S.XX → Producción hidroeléctrica.
- Banca (Banco de Vigo, Banco Pastor).

3.4. CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

- ♦ Económicas
 - Substitución do taller pola fábrica ⇒ Aumento da produción.
 - Aparición do empresario capitalista.
 - Especialización do traballo.
 - Despersonalización das relacións laborais entre empresario e traballador.
 - Concentración empresarial para controlar produción e prezos.
 - Desenvolvemento do comercio, finanzas, sistemas bancarios e sociedades de capitais.
 - Man de obra maioritaria no sector secundario e terciario.
- ♦ Sociais - Novos grupos sociais: capitalistas e proletariado.
 - Sociedade máis dinámica e complexa.
 - Substitución dos estamentos pola sociedade de clases.
 - O diñeiro substitúe á terra como fonte de poder.
 - A lei é igual para todos.
 - Valoración da capacidade persoal fronte ao nacemento.
 - Condicións laborais moi duras para os asalariados.
 - Crecemento das cidades e cambios urbanísticos.
 - Desarraigo cultural, analfabetismo, mendicidade, prostitución.
 - Explotación da clase traballadora ⇒ Movemento obreiro.

4. A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

- Réxime demográfico antigo → Estancamento demográfico: crises de subsistencia, andazos.
- Transformacións agrarias → aumento da produción
 - mellora do transporte
 - baixan os prezos
 } ⇒ Fin das crises de subsistencia
- Extinción das enfermidades catastróficas: vacinas, anestesia, asepsia...
- Melloras na hixiene pública e privada.
- Éxodo rural e crecemento das cidades.
- Desequilibrio entre poboación e recursos
 - Emigración a América e Oceanía.
 - Intensidade do fenómeno emigratorio en Galicia.